

**“REGULAMENTO X DÚATLON CROS CONCELLO DE BEARIZ”**

**1ª PROBA DO CIRCUÍTO GALEGO DE DÚATLON CROS**

**1ª PROBA DO GRAN PREMIO AVIAMAN CROS**

**Organiza:**

Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno

Beariz Triatlón

Concello de Beariz

Email: [carballinotriatlon@gmail.com](mailto:carballinotriatlon@gmail.com)

Persoas de contacto: Floro González

**Colaboran:**

Coca Cola

Rosquillas Corral

Josuma S.L

Arestora Xestión

Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia

**Patrocina:**

Concello de Beariz

Deputación de Ourense

**Data e horario da carreira:**

Sábado 20 de xaneiro de 2018

As 16:00 h

**Distancia:**

**Sprint:** 6 km de carreira a pé – 21 km en bicicleta BTT – 2,5 km de carreira a pé

**Tempos de corte:**

Por imperativos da luz solar, establececese que dende que o cronómetro se poña en marcha, ás 3 horas darase por concluída a proba. Así, o deportista que quede en carreira, deberá parar o paso pola área de transición. **Dende a organización recoméndase uso de frontal ou lanterna.**

### Inscricións:

**Ata o martes, 16 de xaneiro 2018**

**FEDERADOS: 11 €.**

**LICENZAS 1 DÍA: 11 € inscrición máis 12 euros de licenza 1 día Total 23€**

### DEPORTISTAS FEDERADOS (con licenza galega ou de outra CCAA):

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org), no apartado Competicións /Regulamentos-Inscricións. Pinchar sobre a carreira e ir ó enlace de INSCRICIÓN accederán cos seguintes códigos (os códigos dos clubs son os mesmos que teñen para o acceso ó programa de licenzas e no caso dos deportistas individuais precisan introducir o seu nº de licenza e a data de nacemento). O pago faise a través de TPV.

### DEPORTISTAS NON FEDERADOS (LICENZA 1 DÍA):

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org), no apartado Competicións /Regulamentos-Inscricións. Pinchar sobre a carreira e ir ó enlace de INSCRICIÓN. O pago faise a través de TPV. É imprescindible o envío da copia do DNI en vigor ([fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com)).

**A inscrición formalízase enviando a copia do DNI ó mail da Federación [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com).**

Unha vez pechado o prazo de inscrición, non se admiten modificacións

### PUBLICACIÓN LISTAS DE INSCRITOS:

**Publicación lista provisional:** o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na lista se da algún erro debido ó manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...).

**É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo.**

**Publicación lista definitiva:** o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

### BAIXAS E POLÍTICA DE DEVOLUCIÓN:

As baixas deben ser comunicadas á Federación ([fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com)) antes de rematar o prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo de inscrición non se fan devolucións.

**\*No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) unha vez pechado o prazo de inscrición: estas serán anuladas e non se farán devolucións.**

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

**Saída – meta - área de transición:** - **recollida dorsais:** ‘Nos anexos do Pavillón Municipal de Beariz’, onde o colexio CEIP de Beariz.

**Control de material:**

De 15:00 h. a 15:45 h.

**ACONSELLABLE USO DE FRONTAL OU FOCO**

**Premios:**

Trofeos para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría.

Absoluta

Junior

Veterán

**Cheque regalo de 50 € para o primeiro clasificado masculino e feminino na tenda Lamargha de O Carballiño**

**Entregas de Premios**

-Os/as deportistas e/ou clubs que non estean na entrega de premios (salvo causa de forza maior) non os recibirán, e serán sancionados por desconsideración ao organizador e ao resto dos deportistas (segundo os estatutos en vigor). Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar ata o seu abono.

**Tódol@s que rematen a proba recibirán un agasallo conmemorativo do**


## “IX Duatlón Cross Concello de BEARIZ”

### **Normas de competición:**


A carreira rexerase segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición da Federación Galega de Tríatlón e da Federación Española de Tríatlón.

## Duatlón Cross Beariz 2017

Sector 1: Carrera 6 km (1vuelta)



**Sector 2: BTT 21km (3 vueltas x 7km)**





**Sector 3: 3km (2 vueltas x 1,5 km)**

